



O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte **MOCIÓN PARA A PROMOCIÓN DO LEITE GALEGO NO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector lácteo galego vén sufrindo unha crise de prezos que ten que ver con varios factores e cunha conxuntura mundial de exceso de leite producido e unha baixada xeneralizada do seu consumo, que rolda o 3%.


Nas explotacións galegas prodúcese un leite de excelente calidade que ten a súa orixe na mellora xenética das explotacións, na suma de condicións xeográficas e nun manexo excepcional das vacas. Impulsar o consumo e o recoñecemento deste produto é o traballo que está a desenvolver a Xunta de Galicia a través dunha campaña de promoción da marca "Galega 100%", que identifica co seu selo o leite de calidade diferenciada producido nas explotacións da nosa comunidade.

Esta medida de valorización do noso produto de calidade vaise completar en breve coa diferenciación dos produtos amparados pola marca nos lineais dos supermercados, de xeito que os consumidores e consumidoras poderán escoller máis doadamente o leite galego de calidade diferenciada. A maiores, os galegos e galegas tamén teremos unha iniciativa promocional de tetrabriks pequenos de "Galega 100%" para fomentar o consumo de leite entre a sociedade.

Con todo, é preciso sumar esforzos de todas as administracións para avanzar nesta promoción que estimule o consumo de leite e permita identificar a súa orixe, permitindo que o leite galego sexa recoñecido entre os consumidores.

Cuarto: Solicitarlle á Deputación da Coruña que elabore un plan de apoio ao sector lácteo para a mellora da calidade do leite nas explotacións gandeiras do Concello de Santiago de Compostela, en colaboración coas cooperativas, e de forma coordinada con outras que se acheguen desde a Unión Europea, o Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente ou a Consellería de Medio Rural.

Santiago de Compostela, a 13 de outubro de 2015.



Asdo.: Agustín Hernández

Portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular